

Servizo de  
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA  
DE  
CONTRATACIÓN

CONCELLO  
DE VIGO



## **ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 14 DE DECEMBRO DE 2022**

Ás 10:15 horas do día 14 de decembro de 2022, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo, en sesión virtual a través da canle Cisco Webex Meetings, convocada pola presidenta o 9 de decembro de 2022, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

**Presidente/a:** D<sup>a</sup>. Patricia Rodríguez Calviño

**Vocais:** D<sup>a</sup>. Margarita Parajó Calvo, titular da Asesoría Xurídica  
D<sup>a</sup>. Olga Gómez Corbal, vogal suplente do interventor xeral  
D. Pablo Varela Ballesteros, técnico medio de Servizos Económicos de Dirección de Ingresos  
D<sup>a</sup> María Cristina Chao Polo, xefa do Servizo de Festas (asiste aos puntos 2a, 2b, 2c, 4a, 4b, 4c e 6a)  
D. Guillermo Domínguez López, xefe do Servizo de Extinción de Incendios (asiste ao punto 4d)  
D<sup>a</sup>. Carla Candia Paz, xefa do Servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local (asiste aos puntos 5a e 6a)

**Secretaria:** D<sup>a</sup>. María Dolores Sotelo Gallego

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

### **2.- Cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos**

#### **a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de deseño e produción das carrozas municipais para a Cabalgata de Reis 2023 (9466-335) (emenda)**

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación lembra aos membros da Mesa que por acordo do 9 de decembro de 2022, na mesma data, se concedeu un prazo de tres días a LA FIESTA ESCENICA, S.L.U. para que emendasen a documentación persoal. En concreto debería presentar un novo DEUC no que indicara na Parte IV "Criterios de selección", apartado C a solvencia técnica da entidade ou, no seu defecto, indicara se cumpren todos os criterios de selección no apartado a "Indicación global relativa a todos os criterios de selección".



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 21:59	Páxina 1 de 9
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A8AB4A-CCDA27-8A852E-PGAA9B-T89LBP-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

O devandito licitador presenta a documentación requirida o mesmo día da súa notificación.

Logo da cualificación da referida documentación, a Mesa acorda, por unanimidade admitir neste procedemento a LA FIESTA ESCENICA, S.L.U. por ter emendado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos.

**b) Procedemento aberto para a contratación do servizo de produción técnica de soporte dos actos dos Reis Magos no Nadal 2023 (9499-335) (Lote 4) (emenda)**

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co único licitador presentado. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación lembra aos membros da Mesa que por acordo do 9 de decembro de 2022, na mesma data, se concedeu un prazo de tres días a BARAFUNDA, S.L. para que emendasen a documentación persoal. En concreto debería presentar un novo DEUC no que aclarara, na Parte III "Motivos de exclusión", apartado C "Motivos referidos á insolvencia, os conflitos de interese ou a falta profesional, con respecto á pregunta *"Rescisión anticipada, imposición de danos e prexuízos ou outras sancións comparables: Experimentou o operador económico a rescisión anticipada dun contrato público anterior, un contrato anterior cunha entidade adxudicadora ou un contrato de concesión anterior ou a imposición de danos e prexuízos ou outras sancións comparables en relación con ese contrato anterior?"* a descripción do motivo e se adoptaran medidas para demostrar a súa credibilidade ("autocorrección"). Lembrouse que o artigo 71.2.d) establece como prohibición de contratar *"Dar lugar, por causa da que fosen declarados culpables, á resolución firme de calquera contrato celebrado cunha entidade das comprendidas no artigo 3 da presente Lei. A prohibición alcanzará ás empresas cuxo contrato houber quedado resolvido por incumprimento culpable do contratista das obrigacións que os pregos houberen cualificados como esenciais de acordo con o previsto no artigo 211.1.f)".*

O devandito licitador presenta a documentación requirida o mesmo día da súa notificación e, realizada a correspondente cualificación, a Mesa acorda, por unanimidade admitir neste procedemento a BARAFUNDA, S.L. por ter emendado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos.

**c) Procedemento aberto para a contratación do servizo de animacións para a cabalgata de Reis Magos 2023 (9500-335) (Lote 2)**

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 21:59	Páxina 2 de 9
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A8AB4A-CCDA27-8A852E-PGAA9B-T89LBP-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Servizo de  
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA  
DE  
CONTRATACIÓN

CONCELLO  
DE VIGO



Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co único licitador presentado. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con mesmo.

A secretaria suplente lembra a Mesa de Contratación que con data 9 de decembro de 2022 solicitouse á única licitadora presentada a contrasinal para poder acceder ao contido do sobre A "Documentación persoal".

A única licitadora enviou, a través do Rexistro Xeral do Concello de Vigo, na mesma data , a devandita contrasinal tralo que se procedeu á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", trala súa apertura pola Secretaría, e acórdase, por unanimidade admitir neste procedemento a BARAFUNDA, S.L. (Lote 2), por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos.

#### **d) Procedemento aberto para a contratación do subministro de combustibles e AdBlue destinados á flota de vehículos e maquinaria municipais xestionados polo Servizo do Parque Móbil (15373-445)**

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co único licitador presentado. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con mesmo.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa descrición pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade:

- Admitir neste procedemento a RED ESPAÑOLA DE SERVICIOS, S.A.U. (Lote 1), por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos.
- Propor ao órgano de contratación o seguinte acordo:

#### **LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares do procedemento aberto para a contratación do subministro de combustibles e AdBlue destinados á flota de vehículos e maquinaria municipais xestionados polo Servizo do Parque Móbil (15373-445)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 21:59	Páxina 3 de 9
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A8AB4A-CCDA27-8A852E-PGAA9B-T89LBP-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

## **ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** Con data do 3 de novembro de 2022 a Xunta de Goberno local acordou aprobar o expediente para a contratación, por procedemento aberto, do subministro de combustibles e AdBlue destinados á flota de vehículos e maquinaria municipais xestionados polo Servizo do Parque Móbil (15373-445).

**Segundo.-** A Mesa de Contratación, na sesión que tivo lugar o 12 de decembro de 2022, comprobou que non hai licitadores presentados a este procedemento para o lote 2: "AdBlue" segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral.

## **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A Mesa de Contratación é competente para propoñer deserta a licitación, ao abeiro do previsto no artigo 22.1g do Real Decreto 817/2009, no que se regulan as funcións das Mesas de Contratación.

Dado que non hai licitadores presentados no lote 2: "AdBlue" deste procedemento, procede declarar deserto o mesmo.

Á vista do exposto, propónse a Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional segunda da LCSP), a adopción do seguinte acordo:

"Declarar deserto o procedemento aberto para a contratación do subministro de combustibles e AdBlue destinados á flota de vehículos e maquinaria municipais xestionados polo Servizo do Parque Móbil (15373-445) – Lote 2: "AdBlue" por non terse presentado ningún licitador tal e como consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral."

### **4.- Apertura da documentación técnica**

#### **a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de deseño e produción das carrozas municipais para a Cabalgata de Reis 2023 (9466-335)**

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Procédese á descriptación dos documentos que compoñen o sobre B "Proposición *avaliabile mediante xuízo de valor*" dos licitadores admitidos.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación ao servizo xestor.

#### **b) Procedemento aberto para a contratación do servizo de produción técnica de soporte dos actos dos Reis Magos no Nadal 2023 (9499-335) (Lote 4)**



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 21:59	Páxina 4 de 9
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A8AB4A-CCDA27-8A852E-PGAA9B-T89LBP-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Servizo de  
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA  
DE  
CONTRATACIÓN

CONCELLO  
DE VIGO



A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses co licitador admitido. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

Procédese á descriptación dos documentos que compoñen o sobre B "*Proposición avaliable mediante xuízo de valor*" do licitador admitido.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación ao servizo xestor.

### **c) Procedemento aberto para a contratación do servizo de animacións para a cabalgata de Reis Magos 2023 (9500-335) (Lote 2)**

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses co licitador admitido. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

Procédese á apertura dos documentos que compoñen o sobre B "*Proposición avaliable mediante xuízo de valor*" do único licitador admitido mediante o contrasinal enviado a través do Rexistro Xeral do Concello de Vigo polo mesmo en data 9 de decembro de 2022.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación ao servizo xestor.

### **d) Procedemento aberto para a contratación do subministro (renting), conservación, reparación, limpeza-descontaminación e substitución das prendas de intervención e EPIs asociados para o Servizo de Bombeiros do Concello de Vigo (6712-213) (apertura sobre D "Mostras")**

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses co único licitador admitido. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

Procédese á apertura do paquete que compón o sobre D "*Mostras*" do único licitador admitido.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre o contido do sobre D ao servizo xestor.

## **5.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliados mediante xuízo de valor nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos**

### **a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de apoio técnico á Oficina Municipal de Voluntariado e formación ás persoas voluntarias e entidades de voluntariado (1280-322)**

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado pola técnica de xestión e a xefa do Servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local o 7 de decembro de 2022 de valoración do sobre B "*proposición avaliable mediante xuízo de valor*" e o informe que corrixe o anterior de data 12 de decembro de 2022 asinado pola técnica de xestión e a xefa do Servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local.



A Mesa acepta, por unanimidade dos seus membros, o segundo informe e e acorda excluír deste procedemento aos seguintes licitadores:

1. Para o lote 1: EVENTOS CULTURAIS RETALLISTAS, S.L. por incluír información obxecto de valoración segundo os criterios avaliábeis mediante fórmula do apartado 7.B.2 do PCAP sobre "Campañas de fomento do voluntariado". En concreto, e tal e como reflicte o devandito informe, *"no apartado adicado á calendarización dos procesos formula unha proposta de distribución das horas de asistencia presencial e non presencial na OMV indicando expresamente (...) "1826 horas ofertadas" (o que supón un incremento do mínimo esixido na cláusula 2 do PPT de 1.800 h) engadindo (...) que "ofrece 26 h anuais sin cargo". Ademais, "(...) refire tamén aspectos contemplados no modelo de oferta do sobre C do apartado 6.B.3 do PCAP" indicando a organización de "8 xornadas informativas (...) (32 horas)", "3 campañas en medios offline (...) (12 horas" e "4 campañas en medios online (...) (16 horas)".*
2. Para o lote 2: AVADA SOCIEDADE COOPERATIVA GALEGA por incluír, tamén, información obxecto de valoración segundo os criterios avaliábeis mediante fórmula na que indica *"no apartado adicado ao Plan de organización e prestación da formación unha proposta dun total de "170 horas de formación (140 horas presenciais e 30 telemáticas)", engadindo no subapartado 3.1. "Formación básica 90 h (70 presenciais + 20 a distancia)", que parecen referir aspectos avaliábeis mediante fórmula (nomeadamente, respecto do incremento de horas de formación presencial)". A este respecto, cómpre lembrar que a cláusula 5 do PPT establece que "a adxudicataria deberá presentar unha proposta de formación anual, que conterà cando menos: 80 horas de formación de persoas voluntarias (iniciación, habilidades básicas, primeiros auxilios, etc) das que cando menos 65 horas serán presenciais e 15 horas ou menos a distancia."*

Acto seguido publícase o informe aceptado pola Mesa no perfil de contratante.

## 6.- Apertura económica

### a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de produción técnica de soporte dos actos dos Reis Magos no Nadal 2023 (9499-335) (Lotes 2 e 3)

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Procédese, en acto público, á desenscriptación dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliábeis mediante fórmula" dos licitadores admitidos co seguinte resultado:

### Lote 2: Caracterización, transporte e acompañamento dos Reis Magos



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 21:59	Páxina 6 de 9
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A8AB4A-CCDA27-8A852E-PGAA9B-T89LBP-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Servizo de  
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA  
DE  
CONTRATACIÓN

CONCELLO  
DE VIGO



	Licitador	Redución do prezo do lote	Maior experiencia en traballos de caracterización do coordinador/a de caracterización	Incremento do número mínimo (5) de traballadores/as para a realización de tarefas de acompañamento de nenos	Achega dos seguintes recursos para a realización do evento: 3 espellos - carpa tipo "jaima"
1	SOLIMUSIC EVENTS, S.L.U.	8.780,80 €	6 anos	5 traballadores/as	SI

### Lote 3: Servizo de ambulancia

	Licitador	Redución do prezo do lote	Substitución de 2 ambulancias tipo B, SVB (soporte vital básico) (esixidas na cláusula C do PPT) por 2 ambulancias tipo ambulancia tipo C, SVA (soporte vital avanzado), unha do RECINTO e outra do RECORRIDO	Mellora no equipamento humano co que conta unha das ambulancias esixidas para o RECINTO e outra do RECORRIDO
1	AMBULANCIAS RIAS BAIXAS, S.L.	2.700,00 €	SI	SI

Non asiste público á apertura.

A Mesa comproba que as ofertas presentadas para os lotes 2 e 3 non conteñen valores anormais de conformidade cos criterios recollidos no apartado 7D do Anexo I -FEC- e a cláusula 18.1.b do PCAP, polo que ao abeiro do previsto na cláusula 16.3 procede outorgarlle aos únicos licitadores de cada lote a máxima puntuación por ser os únicos admitidos, respectivamente, nos lotes 2 e 3:

### Lote 2: Caracterización, transporte e acompañamento dos Reis Magos

SOLIMUSIC EVENTS, S.L.U.: 100 puntos

1.- Redución do prezo do lote: 49 puntos

2.- Maior experiencia en traballos de caracterización do coordinador/a de caracterización: 26 puntos

3.- Incremento do número mínimo (5) de traballadores/as para a realización de tarefas de acompañamento de nenos: 15 puntos

4.- Achega dos seguintes recursos para a realización do evento: 3 espellos - carpa tipo "jaima": 10 puntos



### Lote 3: Servizo de ambulancia

AMBULANCIAS RIAS BAIXAS, S.L.: 100 puntos

- 1.- Redución do prezo do lote: 45 puntos
- 2.- Substitución de 2 ambulancias tipo B, SVB (soporte vital básico) (esixidas na cláusula C do PPT) por 2 ambulancias tipo ambulancia tipo C, SVA (soporte vital avanzado), unha do RECINTO e outra do RECORRIDO: 20 puntos
- 3.- Mellora no equipamento humano co que conta unha das ambulancias esixidas para o RECINTO e outra do RECORRIDO: 35 puntos

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), a adopción da seguinte resolución:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adjudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de produción técnica de soporte dos actos dos Reis Magos no Nadal 2023 (9499-335) (Lotes 2 e 3) na seguinte orde descendente:

### Lote 2: Caracterización, transporte e acompañamento dos Reis Magos

Orde	Licitadores	Puntuación total
1	SOLIMUSIC EVENTS, S.L.U.	100 puntos

### Lote 3: Servizo de ambulancia

Orde	Licitadores	Puntuación total
1	AMBULANCIAS RIAS BAIXAS, S.L.	100 puntos

Segundo.- Requerir aos licitadores clasificados en primeiro lugar, SOLIMUSIC EVENTS, S.L.U. (B27793728) (Lote 2) e AMBULANCIAS RIAS BAIXAS, S.L. (B36794113) (Lote 3), para que presenten, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciban o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares".

### b) Procedemento aberto para a contratación do servizo de apoio técnico á Oficina Municipal de Voluntariado e formación ás persoas voluntarias e entidades de voluntariado (1280-322)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 21:59	Páxina 8 de 9
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A8AB4A-CCDA27-8A852E-PGAA9B-T89LBP-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



Servizo de  
CONTRATAÇÃO

CONCELLERÍA  
DE  
CONTRATAÇÃO

CONCELLO  
DE VIGO



A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Procédese, en acto público, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula" dos licitadores admitidos co seguinte resultado:

LOTE I "Apoyo Técnico"						
	Licitador	Prezo sen IVE	Xornadas informativas	Campañas en medios offline	Campañas en medios online	Incremento de horas de apoio técnico
1	Atelier SOCIAL, S.L.	61.294,64 €	10 xornadas	0 campañas	0 campañas	180 horas
2	Avada Sociedade Cooperativa Galega	62.788,32 €	6 xornadas	5 campañas	20 campañas	200 horas

LOTE II "Formación a persoas voluntarias e entidades"						
	Licitador	Prezo sen IVE	Incremento de horas de formación presencial	Incremento de horas de formación "online"	Campañas de fomento da formación do voluntariado dirixidas á poboación en xeral	Campañas de fomento da formación do voluntariado dirixidas a entidades de voluntariado
1	Atelier SOCIAL SL	21.852,00 €	40 horas	10 horas	2 campañas	2 campañas

Todos os licitadores presentan o orzamento detallado esixido no PCAP.

Non asiste público á apertura.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación ao servizo xestor.

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 11:00 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)

